

A NOSA GALEGA

Ano XXXV - Núm. 484

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N° 376.970



CORR
ARGÉ
Cent. B

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

BOS AIRES, AGOSTO DE 1953

25 de Xullo

Velai a data crucial para a nosa Terra. Dela xurde a nosa nazionalidade, envolta nunha néboa de milagre, que ao pouco tempo se convierte en lus resprandecente que irradia fe a toda a cristiandade. Compostela faise centro dun pelegrinaxe intenso e constante. Dende os máis apartados logares do mundo acoden á sagrada cibdade miles de xentes de toda eras e cordición, que inundan as súas rúas cos distintos acentos de Europa e do Ourente cristián. Como di o códice calixtino, "non hai lingoas nin dialectos cuias voces non reseen ali".

Diante das cinzas do apóstolo Sant Iago van a fincarse de xionlos os grandes pecadores da terra, que chegaron por todolos camíños con cánticos de amor e de espranza nos beizos. E todos se confunden en estreita comunión espritoal, elevando as mesmas oracións nes distintos idiomas que falan, antramentas o gran botafumeiro espalla nubens de incenso, que os sume nun ambiente de ledicia e de misterio, propicio para sentir á divinidade.

Pero a fe, que trasporta as montañas, trasformou a sinxeleza daqueles primeiros creentes nun santo comprensivo e de configuración humán, no culto do apóstolo guerreiro, que montado nun cabalo branco, aparecía pol-o ar decidindo as batalhas entre mouros e cristiáns a favor dos derradeiros. E así se estendeu por toda a Península a sona do Sant Iago Mata-mouros, que dou nova forza aos ánemos dos hespánios que loitaban por reconquerir o territorio invadido pol-a morisma dende os días de Don Rodrigo.

Deste xeito Galiza foi a primeira parte da Hespaña que se puxo en contacto coa Europa da Idade Meia; que recoleu e amasou as variadas culturas que pasaron por ela, formando a súa propia que logo devolveu i espallou con xenerosidade, e finalmente, que deu unha bandeira aos cristiáns da Hespaña para erguer o seu espírito, moitas veces abatido por imortantes derrotas.

Galiza, pois, é a nazón mais europea das Hespañas i é a que máis contribueu, non sólo con lendas, senón con feitos e con homes, a botar da península aos diferentes grupos musulmáns que a dominaron durante cerca de oito séculos. E no decurso de todo ese tempo faise formando a súa personalidade con características que a diferençan esencialmente de todolos povos peninsulares.

28 de Xuño

Esta data foi a que encheu de alegria os corazóns da nosa Terra. Naquel dia memorabel para Galiza douse o paso meirande no camiño da nosa liberdade. O Estatuto, que nos entregaría a ferramenta necesaria para gobernarnos por nós mesmos, tivo un éxito sorprendente no plebiscito que se reaizou ese mesmo dia. Por case unanimidade, o povo galego reafirmou o seu anseio de ceibarse do centralismo absorbente, que dende fai máis de catro séculos, teno apreixado nas súas gadoupas de ferro.

Un hosanna de gloria resou por todolos currunchos da nosa Terra, que latexaba de entusiasmo ao ver xa reaizadas nun cercán porvir as súas más queridas espranzas.

¡Ao fin Galiza tería goberno propio! Pero a traición do 18 de xuño do mesmo ano murchou as nosas más belidas ilusións.

Dez e sete anos van trascorridos dende entón, dez e sete anos de angurias i espranzas, de sangue e bágoas, que inundaron os campos da nosa Terra. Non se alvisca ainda no ouizonte unha raiola do sol que nos ha de alumear un día; pero o noso espírito, o espírito do todolos galegos de dentro e de fora de Galiza está cada vegada máis forte e máis espranzado no trunfo do noso ideal. A semente que espallaron os nosos alóis non deixará de dar froito ao seu debido tempo. Nada hai eterno no mundo. O que fai falta é estar sempre alerta e co ánemo disposto para afrontar a loita suprema.

Mentras tanto, o noso deber é labourar pol-o melloramento do noso povo, por erguer o seu nivel cultural e por espallar a nosa verdadeira historia, oculta e deformada por todolos historiadores casteláns. Esa é a única laboura patriótica que oxe se pode facer na nosa Terra.

Non embargantes, nós os que estamos fora da cárcere que asoballa aos nosos irmáns, temos a obriga, además de realizar dita laboura de falar con toda craridade e propagar as doctrínas que culminaron e se fixeron carne no noso gran mestre e inmorrente guieiro, Castelao. Está ben que propiciemos o espalhamento da nosa cultura para darlle unha base incombustible ao noso ideal e ilustrar ao povo; pero a nosa teima, repetida sin cansancio, nin temor ás censuras, nin a ren, debe ser a que sempre estaba nos beizos e na pruma do noso Ilustre e inesquençable morto: Repùblica para Hespaña e Autonomía para Galiza.

A Política Galeguista e o Europeísmo

por

MANOEL PEDREIRA

Co tituo de "A Mocedade Galega e o Europeísmo" o xornal "Opinión Galega" publica no derradeiro número un traballo do señor Ramón Lugris, no que se fan certas apreciacións confusionistas en col da política galeguista, para rematar afirmando que Galiza debe percuriar a integración d-unha Federación Europea, parece que ainda esquecéndose da súa propia persoalidade nacional.

Non é o noso propósito rebatir a tesis da Federación Europea, mais consideramos un deber escrarecer un feixe de confusionismos que se verten no devandito artigo, os que queremos atribuir á mocedade do autor e a indudabel falla de información que, a xular por este artigo, paresce que lle fixera apadrinar ideas sobre da Federación Europea cocinadas moi lonxe de Europa e até cecáis acollar unha especie de variante da pavera teoría da Hispanidade, trocada eiqui nun europeísmo moi especial.

Non deixa de sorprender que o señor Lugris negue abertamente a existencia d-unha nación galega, torcendo verbas de Tobío Fernández e ao mesmo tempo propóna a solución ideal de que Galiza intégre a Federación Europea. ¿Integrala cómo? En calidade de qué? Unha federación non é unha xuntanza de ideas abstractas, senón de entidades humanas concretas e diferenciadas.

é natural que para que Galiza integre unha federación ha de facelo en función concreta do seu conxunto numán, coa súa cultura e demás características peculiares; en fin, con toda a súa persoalidade diferenciada. O señor Lugris non quer chamar a eso Nación Galega e teñela a decirlle sociedade humán, ente social galego, familia galega ou algo semellante, mais para nós que non gostamos de xogar con verbas, eso é Nación Galega e nada máis.

Agora ben; se Galiza ha de integrar como ente diferenciado unha federación, sexa ela hespánia ou europea, debe chegar a esa federación consciente dos seus valores, das súas potencialidades, dos seus defectos e das súas virtudes; é decir consciente da súa propia persoalidade de nacional, pois n-unha federación vaise a aportar valores propios e a profitar dos valores dos demás. Por eso é forzoso concuir que para

que Galiza poda representar un papel axeitado en calquera federación, é mester espertar o espírito galego, abafado por cinco séculos de sometemento a Castela e atopar canles propias e axeitadas á nosa realidade social, política i-económica, desourentada por unha política eistrana e ainda oposta ás nosas características esenciais. Este espertar do sentimento nacional, ese rexurdir do noso espírito, ese sacudimento da inercia e indiferencia en que se ten sumido ao noso povo, foi e sigue a ser sempre o ideal único i-eisclusivo do galeguismo. Por eso, pola evidencia de que é o único camiño de todo movemento político que deseñe realmente un mellor porri para a nosa Terra, resulta ausurda, cando non sospeitosa a tesis de que o galeguismo está trabucado e que debe reiticar seu pensamento cara a ideais lonxáns, acesorios e más ou menos utópicos, esquecendo o inmediato e real que é o povo galego e os seus graves problemas.

E que non nos veña con que o federalismo europeo prescinde da idea de nación. ¿Qué federa entón ese movemento? Ou é que o señor

lugris quer chegar a un supuesto federalismo europeo a imaxe e semellanza do estado hespánol, contentándose sinalmente con que aos galegos nos toleren unha especie de "autonomía cultural", aspetto da nacionality que parece ser o sumum das súas preocupacións? ¿Qué perfeito nos paresce todo eso de aquello da "autonomía bien entendida" que cacarexaben certos políticos "liberais" hespánios e que fixo votar a un partido federal contra o Estatuto Galego... por moi avanzado!

Nós non somos persoalmente nemigos do federalismo europeo, mais compre non agaíolarse con ideas remotas, nin confundir a verdadeira esencia dun federalismo que responde ás verdadeiras necesidades de Europa, con certo federalismo "made in USA" que se ven pregando pura i-eisclusivamente en beneficio do Departamento de Estado yankee, que ve n-esa federación unha forza económica e militar que lle axude a quitar a preocupación dos seus nemigos no domiño do mundo. Este tipo de federación, até agora o único que está en certas vias de organización, gracias ás coescrivs do devandito departamento de estado, non pode resolver os problemas de Europa nin dos povos federados, porque non sabemos até o de agora de ningún caso en que o ideal dun exército poderoso e militeiro de chimeneas a fomegar ao unisono resolvieran ningún dos problemas esenciais da humanidade.

Compre non confundir entre os problemas das nacionalidades e os problemas das súas organizacions estatais. Un superestado europeo, orgaizado de semellante xeito podería resolver os problemas d'estas derradeiras, pero non constituiría en si ningunha solución para o desenrollo das nacionalidades, fora de darles unha utópica seguranza para a súa existencia. Moitas de esas nacionalidades non necesitaron até agora grandes forzas económicas nin militares para chegar ás maravilloas reaíades das súas culturas, da súa organización político-social e para dar os seus valiosos aportes ao progreso da humanidade, e coídamos que unha superfederación europea non merece máis pequeno sacrificio das súas excepcionais personalidades nacionais, pois suprimiría a riqueza das fontes de formación d-esas culturas e d-eses povos. Por outra parte, para

chegar a esa superfederación non coídamos sexa mester claudicar en ningun dos aspectos que forman unha nación; cando mais, bastará facer concesión no terreo da organización estatal de cada un dos integrantes.

Por eso toda Europa está reaxendo contra tan eistrana idea de federación. Persoa tan ben vinculada ao Departamento de Estado como o periodista yankee Walter Lippmann ven pregoando de fai tempo a esta parte os errores de Norto América no política seguida con Europa e nun derradeiro artigo afirma sinalmente que "Estados Unidos estase enfrentando a forzas populares que desgraciadamente non comprendeu, ignorou ou desprecio. Esas forzas que forman os povos que loitaron xunto aos norteamericanos, pro que agora xinguense baixo un propósito nacional... Pese a todo, as forzas nacionais europeas están en marcha. Son moi poderosas e ainda o serán máis no futuro, porque o patriotismo case se dirixe contra unha potencia estranxeira, xungue aos homes divididos por razons de relixión, partido ou crase", para rematar afirmando que gracias ao nacionalismo, a Europa Ourental recuperará a súa liberdade e a Europa Oidental a súa independencia. (Clarín 16-7-1953).

Onde está, pois, a crise do nacionálismo que pregoa o señor Lugris? Polos demás, ahí está a abstención de povos como o inglés, a oposición dos mesmos alemáns —cecais o povo que mellor proveito pudera sacar de tal federación—, o fracaso da política do goberno italiano, o panorama político francés —que parece ao seu galimatías está nitidamente colocado fronte as eistranas ideas d-unha federación europea "porriba de todo"— e tantos e tantos outros problemas e reservas que a cotio nos demostran a firmeza dos sentimentos nacionais i-a inmadurez da idea federal europea.

Para nós o federalismo europeo prantexado así é puramente negativo, porque nace dun medo a substancial, e a historia do mundo está chea de fracasos de tales federacions "defensivas" e ainda que creemos ao xénero humán capaz de perfeccionarse, coídamos que até agora non conseguiu n-estes problemas. Non negamos a posibilidade d-unha integración europea, pero non se pode decir tranquilamente que ela prescindirá do concepto de nación, porque eso soio podería ser, cando más, a derradeira etapa dun proceso evolutivo da sociedad humán, no que é prematuro e ilusorio basar ningunha política inmediata. Tampouco negamos que o galeguismo xungue no seu amor a Galiza a homes das más diversas formacions e tendencias. Ainda más, descontamos que o dia de mañán xurdirán distintas interpretacions sobre de cómo ouientar o rexurdir do povo galego, mais hoxe por hoxe o oxectivo común é conquerir as bases imprescindibles para que ese rexurdimento sea obra do povo mesmo rexo e nido, con esa solidide que lle dá un povo a todas as súas creacions e non un rexurdimento de invernáculo, feble i-enfermizo, obra soio d-unha minoría intelectual ou un regalo gracioso dun estado, sexa hespánol ou europeo.

Por todo elo, para ben do povo galego, o galeguismo debe traballar a prol das reaíades inmediatas e pereniorias do noso rexurdir nacionál, desvotando utopías ou ideas eistranas que malgasten as nosas enerxías; camiñar a rente do chan, con todolos súas miserias e asprezas, deixando ás estrelas os camiños fluviosos do ceo.

EVITA



Con motivo del primer aniversario del fallecimiento de la ilustre dama, hada bienhechora de tantos hogares humildes. A NOSA TERRA se asocia al dolor del pueblo argentino y al del Excelentísimo Sr. Presidente de la Nación, General Juan Domingo Perón.



ALAH E' DEUS E MAHOMA o seu Profeta... e Mohammed Ben Kassim, o Capitan Xeral de Galiza, pol-a Sereisima Gracia do Paco I, quisque d'Hespaña e Marrocos, e a quen lle non goste o mouro, que proteste, que nós non-o pensamos faer.

Porque imos a ver, señores: ¡qué diferenza vai dan mozárabe — poñam por caso — de Guadalajara, de Soria, de Burgos, ou Jaen, Cadiz ou Sevilla, cun mouro mouro de Marrocos!...

Nós, por moito que rabuñamos e rabuñamos no cachazo, non acadamos aollar a diferenza, salvo na "chilaba", eraro está... ¡Porqué alborizarase entón?

Adiante cos farois!

A ALGUNS GALEGOS, andalle a boligar no maxín de cómo as emporre o mouro na súa condición de erente do Corán pra concurrir á famosa catedral cristiana a ofrecerelle homaxe e devoción, en nome da cristianidade hespánica ao Santiago "Matamouros" Patrón d'Hespaña e insíñe císterminador mitolóxico da mourismia, a carranchapernas dun cabalo branco, sellando nos probes paixóns do mahometano Capitán Xeral.

Nós, que coñecemos d'abondo o pano que cobre a concenza do crero hespánico, coidamos que saíran ben axeitados deste antroido hespánoleiro.

Estado seguros que lle farán a figa ao Apóstolo...

TOCALLÉ A GAITA Domingo Ferreiro Olé! Si señores. Inda que parea mentira e mentira pareza, unha popular entidade galega, eo gallo de non lembramos qué ouxeto, realizou un bailabel co reclamo animador de "Gran actuación del Quinteto Regional Español de Gaitas" (!?)... ¡Era o que nos faltaba! Agora que, "por pura curiosidade, nomás ché" quixeramos pescudar, millor dito, queremos supor, que o de "España" irá referido ao "Quinteto" e de ningún xeito ás gaitas que, gracias a Deus este simpático e tradicional instrumento nacional galego, ten a súa xeografía, o territorio gallego, do mesmo xeito que a gaita eseocesa é d'Escocia e non inglesa.

E si outra cousa é con guitarra, señores do quinteto, tamén o é con gaita, que por ser galega, nada ten que ver cos hespánicos.

Co dito, haxa paz, señores do "Quinteto de Gaitas" Valladares e Prado...

PATRICIO CAYÓN, GALICIANO DE NACION... Si señor. Galiciano y a mucha honra!

Como vedes, Don Patricio évos un paverio la mar d'interesante. Ele ten as súas teorías e quando s'empieza nunha cousa, non-o move nen Deus, tan eraíudo é de cachazo o probiño. Mais fora diso, évos moi simpatico, iso sí. E traballador. Traballador como un xudeu e quem queira que diga o contrario, minta.

Non hai máis que botarlle unha ollada e periódico onde este gran caverio deborca a costela, os seus esforzos poéticos e dos outros.

Don Patricio está en todo ciseado por todal-as planas, do dereito e do revés. E todo "in estenso", longo, longuísmo. Hai que ver a tremenda capacidade de produción deste home. O mesmo fai un verso do longo que lle pidan, que un ensayo literario encol dun poeta galego, un artigo de política internacional, ou un enérxico S.O.S. apról da Paz. E afírman persoas da súa amizade, que Don Patricio colabora tamén con sabrosas recetas de cochinha nunha revista gastronómica...

ATE EIQUI, O HOME en función de traballo. Agora imos a nos referir a este gran paverio "Patricio Cayón, Galiciano de Nación", aproval dunha das súas teorías.

Sostén moi rufo este simpático Don Patricio, que él é galicano —non galego— por tanto galegos son, o chulo Paco, Martínez Anido e o escan-gaiano Millán Astray.

Dende logo, un trio de medo e morte, (migas fora, Don Patricio) e certamente nada recomendable non gesalleiro pra o país que os pareu, mais qué llímos facer? Non é cousa de renegar d'un país porque sí, pois por ese pechado e ausurdo criterio, teríamos que renegar d'Alemaña, porque pareu un Hitler, e renegar da fermosa Cubita — poñamos por caso— por dar un Machado, porque tamén deu un Martí, de quem vostede fixo unha ponderada sembranza no seu periódico. ¡Lembrase, Don Patricio!

E non falemos das fermosas cubanitas —¡meu Deus!— gloria dos ollos e inda máis... ¡Qué me dí das "Mulatas de Fuego", Don Patricio? Non me diga que non-sas veu, porque lle non perdoaría endexamáis...

Xa ve meu estimado Don Patricio que esos homes malos que de vez en vez xurdan nun país, pouco ou nada supón máis que o tempo d'aturas. Por outra banda, (que lle fai unha mancha máis ao tigre?)...

En canto a Galiza, a nosa Patria — así con maiúscula — teño mestre de decirle o que dá e deu de bcn ao traveso de todol-os tempos, e nas condicións más precarias, sofriindo escravitude e escarnio dos seus asobilladores hespánicos!

Emporio, caro Don Patricio, que é moi fácil ser inglés, francés ou alemán, sueco ou danés, e até hespán. Elo non supón ningún sagrifizio pro en canto a ser galego, galego como Deus manda, hai que lirse a maná a cabeza e apretarse as bragas pra estar en permanente estado de guerra coa mourismia hespánica, en defensa afiñizada da nosa diñidade nacional.

Que isto non é pra todos, subémolo moi ben, Don Patricio. Hai que ter carácter e sentir a Terra, a nosa Terra (non a dos outros, que alá ta arranxan eles) con todol-os seus anguriosos problemas culturais e económicos sin resolver por falta de liberdade, e non acuonxándose nun vergüenza compreexo d'inferioridade como no seu caso, Don Patricio.

Oia, Don Patricio: ¡porqué non tenta facerse vitmeniano? Coidado que é paverio este home, e o que ne fixo falar...

¡QUE CHE DOI, BENITIÑO? Ao parecer a Benitiño proeulle a "Revoldaina" anterior por mor de que ren queremos saber cos hespánicos e praelo, non se lle ocurre milor cousa que amostrarnos "El Camino"...

Pro o bon de Benitiño, "El Camino" é a Unión de todol-os galegos, con todol-os hespánicos nun xunteiro ou frente antifranquista pra derrubar a Paco...

Coidado co Benitiño este que é terceiro. ¡Unión de todol-os galegos! ¡Machado! ¡Cos hespánicos! Xa nun é macanudo. Porque díme, Benitiño: Ulos os hespánicos antifranquistas, que non os vexos? ¡El non será que están ledos con Paco! Porque, politicamente falando, o home conta, cuando orgaiza, e isto sábelo ti mo ben, non é certo? E uños os organismos antifranquistas hespánicos? A meiros que tentas a buscalos nos cafés da Avenida de Maio, ou nalgún clima...

Olla Benitiño: ¡Porqué non vos ides a "traballar" ás entidades hespánicas pra ver de facer antifranquismo? Porque a verdade, con nosco, o único que facedes é amolar.

Outra cousa: ¡Que non hai unión na coleitividade galega! ¡Quén che dixo? Certo que algúnya vez prodúxose un momentaneo renunciado, pro elos non ten importancia. Son as mías leituras, e as malas compañías, Benitiño.

E a propósito de lecturas: Dixéromos que andas a ler "O Quijote", e que andas a decir que é un libro heróico e non seis cántas cousas máis, é certo iso?

Faime caso, Benitiño: Porque non tentas a ler "A custión Nacional e Colonial"? Olla que che fa á ben, moito ben. Certo é, que non será tan heróico como "O Quijote", pero eche moi proveitoso, pois lénndo a fondo, evitaráche moi a miúdo, verter augas fora do buraco... Ti m'entendes Benitiño.

LOURENZO FRAGOSO.

A COLEITIVIDADE GALEGA LEMBROU OS MARTIRES

Xa o periódico en prensa, sin tempo nin espacio material pra recoller nas súas columnas os magníficos discursos pronunciados neste emotivo aito, facemos unha breve reseña que será ampliada no prousimo número.

No Centro Ourense, o 17 do cte, pol-a noite, a Comisión Inter-societaria integrada polos Centros Ourense, Pontevedrés, Coruñas, Betanzos, Corcubión e Irmandade Galega, organiza un aito patriótico en homaxe e aferroado lembranza de Alexandre Bóveda, protomartír Galego, quen simboliza a todolos "bos e xenerosos" que caíron na Terra baixa o chumbo falanxista.

Falou en primeiro termo, o presidente da C. Intersocietaria señor Cándido A. González, quen se re-

feriu a data que se rememoraba, pasando asegurado a condenar enérgicamente, atitudes e feitos de xentes, que na nosa coleitivididade, agachadamente colabouran cos nemigos do povo galego, sendo moi agraudo o orador.

Sigue no uso da verba, o señor Rodolfo Prada, quen fixo unha saudosa lembranza de Alexandre Bóveda, pasando logo, a referirse, ao monumento a Nai Galega que o falanxismo teima erguer na cidade da Cruña con aportes dos emigrados, pronunciando o orador, verbas condenatorias contra o falanxismo e aquelas persoas que en América teiman prestar o seu concurso na ofensa a Nai Galega, fundando o señor Rodolfo Prada con estas ver-

bas: A Nai Galega, santa, abnegada e extraordinaria muller merecedora do meirante homaxe do povo galego, non han ser, non poden ser, os falanxistas quenes Ilo oferezcan; seria, unha lubra e un escarnio; Eles que levaron o loito e a desesperación os seus fogares asesinando os seus fillos, os seus irmáns, os seus homes. Algun día, seremos nós, o povo diño e amante da liberdade, que honore a nosa Nai Galega co meirande e aferroado dos homaxes. As derradeiras verbas do orador foron saudadas cunha pechada ovación.

Pechou o aito, cunhas verbas de fonda significación patriótica o secretario do consello de Galiza señor Anton Alonso Ríos.

ANTON ZAPATA GARCIA

por LITO LOPEZ.

A campana do reló da Berenguela, badalou aquela noite do 20 de Xuño más tristemente que outras veces...

Seu canto "de fondos repeniques", troouse en pranto e dor porque a lúmiosa lira d'un poeta calou para endexamáis...

Era por Antón Zapata García.

O mar fisterrán, musa inspiradora, bateu nese día nas furnas, coidos e praías, con forza e reciedume descoñecidas.

O vento asubiou antergas letanías que soaban latentes nas cordas e paus das pesqueiras dormas...

Mariñeiros e peixeiros con loito de bágoas nos ollos, fitaban o meancónico sol-por que anunciaba a triste nova...

Era por Antón Zapata García.

Na campía galega, o ceo orballou mornas bágoas de dor, e as ponlas dos piñeiros e carballos ceibaron os rexos acordes d'én "De Profundis" con notas musicas de verdes e amarelos coores...

Morre un poeta; morreu Antón Zapata García.

¡Pondal, Curros, Rosalía!... vosoutros, dende o voso berce de nubes, acudide tenramente a darlle a benvida ao novo poeta do ceo...

CASTELA E GALIZA

UN CASO

Adhesión do Centro Galego

Bós Aires, 22 de Xuño de 1953. — Sr. Presidente da Comisión Inter-societaria "Pra commemorar as datas Patrióticas Galegas".

Don Cándido A. González Belgrano 2186 Capital.

Da miña consideración:

Ao acusar recibó da súa atenta do mes en curso cumpro con sinalar a Ude., e polo seu intermedio a esa Comisión da súa Presidencia, que o Centro Gallego de Buenos Aires, que no seu interno auspiciou con senso patriótico o movemento a favor da realization do Plebiscito pol-a Autonomía de Galicia, dentro de todolos povos de Hespaña, se asocia ao feito que se rememora, como unha aspiración lexítima de Dereito pra teimar con máis fundamento o caso, abondándolle somentes ter un peouirrichiño máis de chencha, lóxica natural ou sentido común.

O caso do arredismo, señor Caso, non é a xenreira duns cantos eisaltados que teiman medrar a costa dos demás, aldraxando "sin miriamos ni honestad" (fermosa frase d'escaparate) deixa o más esencial d'outros povos ou outras rexións, a todo o revés o caso, señor Caso, é pra que máis de catro parásitos non lle zuguen o sangue, non soio a eles, senón a seus pais e irmáns, que pra manter chea e pimpante a esa gavilla de crápulas, teñen que traballar do abrente até o solpor.

Manoel Alén, Segredario. J. Vázquez Iglesias, presidente.

O 22 do derradeiro fixo un mes que, ao collelo xornal "Faro de Vigo", esculpeui un artigo que me deixou admirado polo tíodo: "El hambre, la lluvia y los entierros en Castilla, según D. José López Rueda", por un tal Fabián de Caso, que seica o magou, porque o home liaiase todo. ¡Probiño!...

Lle non contestei denantes por mor de que non hai liberdade d'imprenta na Hespaña franquista; además, os dials galegos teñen de gallego só o nome. Agora que o podo facer, ocupareime do caso, pois hai moito, pro moiito que decir nestes casos.

¡Qué caso nos resulta e qué caso prantexa o señor Caso!

Máis dunha vegada púxeme a cavar sobor do caso do señor Caso, chegando á conerusión de que é un caso, pero un caso perdido.

O primeiro caso que nos chanta o señor Caso, todo cheo de razón, é sobor do caso do arredismo, caso que non ven ao caso, co caso do artigo; poren, por se fora pouco o caso, ten uns conceitos moi erróneos encol do dito caso, que certamente por ter o señor Caso mentalidade goda, non nos pode extrañalo caso; non facéndolle falla ter coñecimentos de Dereito pra teimar con máis fundamento o caso, abondándolle somentes ter un peouirrichiño máis de chencha, lóxica natural ou sentido común.

O caso do arredismo, señor Caso, non é a xenreira duns cantos eisaltados que teiman medrar a costa dos demás, aldraxando "sin miriamos ni honestad" (fermosa frase d'escaparate) deixa o más esencial d'outros povos ou outras rexións, a todo o revés o caso, señor Caso, é pra que máis de catro parásitos non lle zuguen o sangue, non soio a eles, senón a seus pais e irmáns, que pra manter chea e pimpante a esa gavilla de crápulas, teñen que traballar do abrente até o solpor.

Si, señor Caso, NAZONALIDADE. Mais non s'alporice vostedé, Galiza é unha nazionalidade asoballada e apreixada polo fracasado imperialismo castelán; reconéccida polo IX Congreso de Minorias Nazonais de Berna e polo Terceiro Internazional.

Nós os galegos somos arredistas porque arelamos pra nosa Terra e pra o noso povo unha vida de liberdade e independencia nazional; porque arelamos ser un povo culto e progresista, irmandos d'igoal a igoal con Cataluña, Euzkadi, Portugal e Castela nunha Federación de Nacións hispanas, mais endexamáis asoballados por Castela ao traveso dessa Hespaña fanada e os-trogoda. Tais son as fondas arelas da xaventude galega que teima por unha Patria Galega dina e nosa. ¡Parecelle isto mal, señor Caso?

MEIXUEIRO

Um Chamado Dos Galegos de Lisboa no Día de Galiza

No día de Sant'Iago, día da Patria, é meester que todolos galegos nos decatemos da laboura que temos de realizar para conquerir, para Galiza, as liberdades a que ten direito pola sua indiscutible nacionalidade.

E de i-almas xenerosas perdoar, pro é de almas probes olvidar.

Como galegos non podemos esquecer, nin esquecemos endexamáis, que se nos privou de voto nas cortes hispánicas pra que nos representase Zamora; que se nos privou e continuouse privando —até nas xuntanzas da Academia Galega— eispresarse na doce e armoñosa fala na que cantaron Rosalía, Curros, Pondal, etc.; na lingua que cantou o Rei Sabio e que noutro tempo, cando as pelerinaxes a Compostela foi a expresión da intelectualidade europea. Perdoar é de almas xenerosas, esquecer é renunciar a SER. Sentimos a anguria do pasado e do presente, sentimos a xenreira do que fomos e do que continuamos sendo; non podemos esquecer o pasado e sentimos o santo afán de redimir a Galiza pra que ocupe no mundo o posto a que ten direito polas súas características de nacionalidade definida. Os galegos que verdadeiramente amamos á Patria, non queremos illarnos — como coidan moitos— da cultura universal, non somos o caracol que se quer pechar na súa casa; sentimos a anguria de redimirmos e o anejo de camiñar ao paso dos povos mais adiantados, tanto no orde espiritual como no intelectual i-económico.

Cinco séculos d'opresión non bastaron pra matar a nosa lingua e as nosas características diferenciais.

Cada povo é o que os seus fillos queren que sexa. Non nos queixemos da escravidoute se non loitamos pola redención.

No día de Galiza queremos faguer un chamamento a todolos bós galegos, homes e mulleres, mozos e vellos, pobres e ricos, intelectuales e non intelectuales; queremos pedirvos que cinguidos todos nun feixe varil e rexo, sin diferencias de castas, xuntos, loitemos por Galiza, lembrañonos do que decía o poeta da raza:

¡A i-alma galega dorme,
a santa Idea está morta
e fés que ir, porta por porta,
encendendo corazóns!

Xuntémonos, pois, irmáns galegos, pra que a Santa Idea resucite e vajamos, todos xuntos, porta por porta, encendendo corazóns.

Lisboa, Xullo do 53.—

GALIZA E A LITERATURA CASTELAN

Por

FIZ FERNANDEZ

Esnaquizados os derradeiros penedos que se oponían no chan da ambición sabelina en col do xunguento galego baixo dos seus domínios, a casualidá histórica, a poucos anos correr, puixó co descubrimento de América, o arredamento forzoso dos mouros e o vencellamento da casa de Austria en postura tal de ser Castela un raiolar inmorrante de forza e de cultura. Así se chega por vieiros de moi distinta catadura a enxendar a neboa de escritores talentosos a más non poder qu'enchen ca súa laboura as bibliotecas i-enriquecen o idioma de Castela. Verdadeiros tempos d'ouro onde a puxanza e vastedá idiomáticas van parellas ca puxanza e vastedá política. Agora ben; si nós ollamos cara do mapa peninsular, axiña atopamos a falta de xenios galegos en cantidá e outara no concerto da producción literaria da época. E queremos espoñer o meu punto de vista co ollo posto nos traballos de antropoloxia cultural. Por de pronto, a literatura mostra-nos que das lingoas neolatinas da península, o galaicoportugués medra unificado primeiro para logo esvairse na banda norte do Miño hasta o século derradeiro, en que un novo rexurdir pon de mañifesto as raíces fondas da súa esencia na persoalidade nacional do povo que lle dera orixe. Mientras tanto, na outra veira do Miño, afincase rexamente, tomando carauter de lingua nazonal.

Paralelamente a iste cleto

A Colexitividade Lembrou con Afervoado Entusiasmo a Data do Estatuto Galego

O 28 de Xunio, significa pra cidadania galega, un fito no seu percorrer histórico aprol da liberdade de Galiza. Un fito que non callou, mais que callará no seu dia, porque as arelas de liberdade e independenza do noso povo, son un venturoso incremento que vai marcando paso a paso, un sitio, un lugar honroso, no concerto dos povos ceibes do mundo.

O povo galego non quer morrer afogado na miseria espiritual e económica do euño hispánol, teima a súa grandeza no feito nazonal galego. Mais pra elo, ten mester da liberdade de que lle foi coutada fai máis de catro séculos e que afundiu ao noso povo na miseria más moura.

E por elo que a Comisión Intersociedad, integrada polos Centros Coruñés, Ourense, Pontevedrés, Betanzos, Corcubión e Irmandade Galega, realizou este aito de lembranza da data do Plebiscito do Estatuto, o dia 26 de xuño p.d.o. no "Centro de Almacenes" desta capital.

DISCURSO DE CANDIDO A. GONZALEZ

Comeza o orador a explicar o porqué da existencia da C. Intersociedad, orgaismo creado pra lembrar e exaltar os nosos grandes feitos nazionais.

"E o facemos con natural i orgullosa ostentación dos nosos símbolos e atributos, do noso idioma e das nosas canções, decindo e pregoando sempre, en calquera parte, como ho-

xe eiqui, co bradoroso afervoamento dos nosos corazóns, as nosas reclamacións, que pra á Patria, a Galiza, lle sexa restituída a súa liberdade: esa liberdade que no ano 1936 ratificaron e recraron 1.000.000 de galegos libres e de concencia. Isa liberdade que non porán anastragar, nin o derrotismo nin as avolezas dos "feridos e duros, dos imbeciles iescuros" anatematizados polas estrofas do noso Himno".

E más adiante dis Cándido A. González:

"Hainos que descasáis as nosas afirmacións, se adoentan a decir que somos "Separatistas"...

"Se elo fora porque nós non aceptamos axugarnos aos seus predicamentos sefarios e reacionarios, levan ben moita razón".

"O estremoñoso fundador da Falanxe fundamentou moitas das bases da súa doutrina, no negamento sofístico das nacionalidades peninsulares e dos seus dereitos".

"Para él, a Patria ficeba única, exclusivamente na Plaza de Oriente, en Madrid. O imperio era Castela, o Centro; a periferia era a colonia, o vasalaxe tributario"...

"Para estes e para cantos mantinán ese conceito da constitución do Estado Hespánol, sí: somos e seguimos sendo separatistas"...

Pina o orador a sua varil disertación facendo un chamado á colexitividade a manterse firme e rexia nas

súas arelas de rendición da Patria a so b allada, sendo eramorosamente apausado polo numerose público que enchea a súa.

DISCURSO DE R. VALENZUELA

"Cando unha familia non sementa un rego de seu; cando a propia casa en que mora pertece a outro e cande o pan que come é concedido por un amo, ben se pode pensar que hai unha cheia de valores en todo o longo da filosofía da humanidade, que non rezan con ese fogar; que se deshumanizaron en tanto traspasaron os pórteos desta casa".

"Cando nunha nación como Galiza, que vivía por séculos e séculos sendo un reino independente. Un reino que viviu no medio dos outros reinos da Europa; que era primeira figura no arte de saber decir, que marcaba rumbos na arquitectura, que sabia habitar en sociedade, que sabía recoller do mundo e construir para o mundo; cando nunha nación como era Galiza dos tempos anteriores, ocorre que case que repentinamente pasa de ser soberán a ser dependente, podemos afirmar que tampouco envolve a sementar un rego de seu, porque non é dona da sua propia casa, e o pan que ten que comer tamén ten que ser concedido por un amo".

Más adiante dis o orador:

"Unha nación é un plebiscito diario, é un ter que facer constantemente neste vida; é un algo común que xunque o presente e o pasado nun destino. Unha comunidade de espírito, unha comunidade de intereses, unha comunidade de amores, unha comunidade de cónxigas. Unha comunidade de tradicións. Pra nós, os galegos, esta comunidade termífa onde termífa Galiza. Diariamente e sen dárese conta, vense Galiza plebiscitando neste senso desde tempo inmemorial".

"O 28 de Xuño do ano 36 foi a esteriorización dun sentimento fortemente enraizado, e Galiza tomou con ardor esa manifestación cívica do seu dereito eterno, porque confiaba, que as nacións ibéricas porfan comezar a seren irmáns dentro dunha República Democrática e vivir un réxime de Liberdade e de Xustiza. As nacións Ibéricas porfan comezar a colaborar na República, en vez de continuar estorbándose como na Heraría centralista; porfan comezar a vivir os seus futuros en vez de ir morrendo de poucos, soñando Xibraltarres inconcretos; porfan complementar as súas economías e as súas Artes, saíndo ao mundo coa bandeira da Paz e do Progreso, en vez de sair coa da Inquisición e da intraxixenza".

"Nese intre, a nosa xente da montaña e beiramar, na pleia concencia dos seus airos, cando lle preguntaron si deseñaba a liberdade da Patria dixo SI, i ese SI resou i espallouse como un berro de grorioso rexurdimiento. Neste intre era Galiza, a Galiza Eterna que se puña en pé co seu bagaxe de cultura, de arte e de historia pra afirmar que tiña xa un camiño a seguir. Dixo que SI, segura de si mesma e con fe na laboura que lle agardaba.

Era un povo que comezaba a ser pra comezar a camiñar; era un povo que se erguía pra comezar unha vida nova, cheo de mocedad, sen rencores, sen xenreiras, sen odios. Era unha Galiza que estivera longos anos desterrada do mundo, e que quería voltar a él. Aquel dia do Plebiscito do Estatuto, Galiza contaba coas súas mocedades estudosas, con intelectuais capaces e patriotas, e, tamén co seu povo labrador e mariñeiro e que estaba xurdindo arredor das indústria e das minas".

"Todos confiados nos seus mesmos esforzos, que eran os esforzos da comunidade galega, ceibaron ao ar, despóis de catrocentos anos de silencio, un SI, liberdador, definitivo, contundente".

As derradeiras verbas foron recibidas cunha grande ovación polo magnífico discurso pronunciado polo señor Valenzuela dándose con elo, por findado este patriótico aito.

Compre pór de nota, a colaboración neste aito, do destacado escritor galego Lito López quen, cun mangado de fermosos versos galegos recitados cos varíeza e unción patrióticas a que nos ten acostumados, fixo chegar ao público o mensaxe emocionado dos nosos poetas.

Tamén temos de agradecer a valiosa colaboración do Coro "Os Rumorosos" e dos gaiteiros e a escenética parexa de bailes típicos galegos que moi axudaron a dar brillo ao aito.

florecerá literariamente como xa o ten demostrado d'abondo, pensando, sentido e decidido en galego.

**PRINCIPIOS DO
GALEGUÍSMO**

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,
forxá, forxade grilos
Pode oprimir e ferro
Un corpo enraquecido;
Mais as nobres ideias
E gloriosos instintos...
Eses... non pode non o dure
Nin a morte extinguiros.
Iferro.
EDOARDO PONDAL

Ano XXXV — Núm. 484

BOS AIRES, AGOSTO DE 1953

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Balance do Día de Galiza

Unha vez máis a colectividade galega de Bós Aires celebrou o Día de Galiza con importantes actos que sinalan de xeito craro e rexio o espírito do noso espírito nacional, e a repercusión que de ano en ano vai adequerindo a nosa festa patria nos medios locais.

Como galegos e patriotas fóiganos ver a resoanza que este ano adequeriu a nosa celebración patria, refreixada non sólo nas reseñas con que todos os xornais recollerón os nosos actos, senón tamén polas notas con que os más importantes xornais i-emisoras de radio amosaron a súa adhesión á colectividade galega no seu día. Non quixéramos citar nomes para non esquecer involuntariamente a ningún, mais deseamos destacar dúas audixóns das más bellas e prestixiosas, como a do escritor Souza Relly, en cadea con todas as emisoras locais, e o Teatro Lírico de Radio Explendid, que nese día se adicaron estrictivamente a glossar a festa que celebrábamos os galegos, e o ainda más significativo xesto de Radio do Estado, que adicou media hora das súas audixóns para transmitir distintas interpretacións do coro "Terra a Nosa", que comenzaron co himno galego.

Frente a tan garmosas probas de amistade e comprensión con que os medios locais souperon recoller as nosas inquietanzas e a profundidade de sentimento que amosa a colectividade galega nestas celebracións, resulta verdadeiramente magoante ver cómo algúns galegos se desempeñan con unha falta de senso de responsabilidade que non condice coas súas condicións persoais, nin co povo que sofre os seus desatinos.

CONFERENZA DE FRANCISCO LUIS BERNARDEZ

O sábado 18 de xullo, o Centro Galego de Bós Aires deu comezo ás patrióticas Xornadas Galegas cunha magnífica conferencia dada polo ilustre poeta arxentino señor Francisco Luis Bernárdez, que versou encol ó suscetivo tido do "Galiza nos seus grandes libros".

Abreu o aito, o presidente da institución, señor Xavier Vázquez Iglesias, referíndose á significación patriótica da data a una colectividade galega de Bós Aires e todos os galegos espallados polo mundo celebraron con grande emoción en homaxe á Patria Galega.

A seguido, o señor Abelardo Estévez, Segredario da Comisión de Cultura, verteu unhas expresivas verbas acrósticás do inicio das Xornadas Galegas e referíndose doadamente á personalidade do ilustre poeta arxentino, que intres despois pronunciaria en lingua galega unha encantadora conferencia encol do tema avanzado.

Deu comezo o aito, o señor Vázquez Iglesias, presidente do Centro Galego, pronunciou unhas verbas alusivas aos festexos patrios galegos, motivo do aito, e axiña a orquesta, intrepretau axustadamente a Suite Sinfónica "Saudades" da compositora galega Obdulia Prieto, sendo moi aplaudida.

A continuación, o segredario de Cultura, señor Estévez, dá a nómina dos autores premiados no Concurso Literario-musical do ano 1952, pasando axiña a presentar aos doutores García Sabell, Baltar e Alvarez Álvarez, especialmente invitados polo Centro Galego pra asistir a inauguración do edifizo social, coincidindo coas "Xornadas Patrióticas Galegas" do Día de Galiza.

Asxiña a orquesta executou a famosa Suite Sinfónica "GALAIKA" do compositor galego Lois Taibo, sendo ovacionado polo público.

Iniciouse a Segunda parte do programa deste grande festival patriótico galego, con un mañisco discurso pronunciado polo doutor García Sabell que cal saudoso meneaxe da na Terra aos emigrantes, fixonos sentir a emoción da patria lontana e inesquicible, sendo premiado o ilustre orador ao final do seu maravilloso meneaxe, cunha grande ovación polo numeroso público que enchiá totalmente as amplas instalacións do teatro.

Asegurado, un enxebre conxunto de gaiteiros dirixido polo señores Sixto, Sierra e Dámaso Gómez, fixo chegar ao público, a emoción saudosa do noso ríaz folklor, executando con xusteza a "Alborada" de Veiga e varios números populares, colectando moitos aplausos.

Máis adiante, o orador afirma que non hai povo na Europa, que na proporción dos seus habitantes e o seu reducido chan, haza aportado tanto á cultura universal. E hoxe Galiza, latexa con pulos de renacemento nazional acarón das súas magníficas xuventudes, porque é mestor que enxergamos que, a prentide da personalidade Galega, virá ao traveso da súa liberdade e independencia nacional.

As derradeiras verbas pronunciadas polo ilustre home de letras arxentino pondon fin á súa xurdida conferencia foron premiadas cunha alongada ovación.

VELADA ARTÍSTICO LITERARIA NO TEATRO AVENIDA

O luns 20 de xullo, o Centro Galego, realizou un grande festival artístico-literario na súa do Teatro Avenida desta capital que constituye todo os anos se ven facendo,

todo un éxito.

Cun cheo total de público, deu comezo a primeira parte coa actuación da Orquesta Sinfónica de Radio del Estado, dirixida polo mestre Washington Castro e o conxunto das masas coral Rosalia de Castro" e "Os Rumorosos" do Centro Betanzos.

Deu comezo o aito, co Himno Nacional Galego, executado polo orquesta e o conxunto dos coros, sendo escotado de pé, aveloadamente, polo concorrente.

Asegurado, o señor Vázquez Iglesias, presidente do Centro Galego, pronunciou unhas verbas alusivas aos festexos patrios galegos, motivo do aito, e axiña a orquesta, intrepretau axustadamente a Suite Sinfónica "Saudades" da compositora galega Obdulia Prieto, sendo moi aplaudida.

A continuación, o segredario de Cultura, señor Estévez, dá a nómina dos autores premiados no Concurso Literario-musical do ano 1952, pasando axiña a presentar aos doutores García Sabell, Baltar e Alvarez Álvarez, especialmente invitados polo Centro Galego pra asistir a inauguración do edifizo social, coincidindo coas "Xornadas Patrióticas Galegas" do Día de Galiza.

Asxiña a orquesta executou a famosa Suite Sinfónica "GALAIKA" do compositor galego Lois Taibo, sendo ovacionado polo público.

Iniciouse a Segunda parte do programa deste grande festival patriótico galego, con un mañisco discurso pronunciado polo doutor García Sabell que cal saudoso meneaxe da na Terra aos emigrantes, fixonos sentir a emoción da patria lontana e inesquicible, sendo premiado o ilustre orador ao final do seu maravilloso meneaxe, cunha grande ovación polo numeroso público que enchiá totalmente as amplas instalacións do teatro.

Asegurado, un enxebre conxunto de gaiteiros dirixido polo señores Sixto, Sierra e Dámaso Gómez, fixo chegar ao público, a emoción saudosa do noso ríaz folklor, executando con xusteza a "Alborada" de Veiga e varios números populares, colectando moitos aplausos.

Máis adiante, o orador afirma que non hai povo na Europa, que na proporción dos seus habitantes e o seu reducido chan, haza aportado tanto á cultura universal. E hoxe Galiza, latexa con pulos de renacemento nazional acarón das súas magníficas xuventudes, porque é mestor que enxergamos que, a prentide da personalidade Galega, virá ao traveso da súa liberdade e independencia nacional.

As derradeiras verbas pronunciadas polo ilustre home de letras arxentino pondon fin á súa xurdida conferencia foron premiadas cunha alongada ovación.

CONFERENZA DO SEÑOR RODOLFO PRADA ENCOL DE ANTONIL FARALDO

O miércoles 22 de xullo, o señor Rodolfo Prada pronunciou no Centro Galego una cumprida disertación encol do noso devanceiro e aveloadamente.

Foi premiado Cándido Alfonso González

Con fonda ledicia, damos a noticia aos nosos leitores que, no Concurso Literario Anual do Centro Galego de Bós Aires, correspondente ao ano 1952, o Xurado otorgou o premio de 4.000 pesos ao señor Cándido A. González polo sua obra de teatro presentada ao dito concurso titulada "Mal ollo".

Non coñecemos ainda a obra que mereceu os honores do premio, mais coidamos que moi axiña nos será doado gostala, e moito nos leda, de que este infatigabel e apaixoador traballador aprontou da Patria Galega, fosse distinguido co preciado galardón, polo que nos praz felicitalo aveloadamente.

do patriota galego Antolín Faraldo, xefe civil da Revolución Galega do 1846.

O conferenzante, no decurso da súa documentada disertación, practicou axeitadamente un coloquio espiritual ante os elementos circundantes e a alma arrobatadadamente patriótica de Faraldo na histórica cidade compostelina: as rías, as anteriores e fermosas columnas románicas dos soporáis, a monumentalidade da Catedral que preside esa simbiosis de pedras milenarias que configuran a maravillosa cidade onde o arte galego manifestouse plenamente no barroco e románico.

Refresco o orador á histórica Asamblea de Lugo, onde os patriotas galegos puxeron a votación de si Galiza debía ou non arredarse d'España pra constituirse en Estado independente, moção que non callou por un voto de diferença.

Puxo de noto ademais o disertante, a vigorosa personalidade de Faraldo, o seu talento como xornalista e crítico, decote ao servizo da Patria galega, pondo punto final a súa disertación, que o numeroso público premiou con aveloados aplausos.

CONFERENZA DO SEÑOR XAVIER BOVEDA

O xoves 23 de xullo, o señor Xavier Bóveda, pronunciou no Centro Galego una conferencia encol da Na Gallega, disertación que polo suxeirente do tema había de mover a atención dos galegos.

Compre decir ao respecto que, si ben o orador moveuse dentro dun mos desexado velo misterioso, o estilo brillante de oratoria honbarea os conceitos encol da

motivo central da súa disertación como asimismo na interpretación un tanto caprichosa encol dos "ríos" como factor decisivo no lezenrollo e engrandecemento das institucións da nosa colectividade.

Entendemos que as nosas institucións son o froito do esforzo de todos os probes e ricos, considerados todos uns. Quer decir con isto, que os nosos "ríos" decote aportaron como probes, o que non os sitúa nunha posición preponderante na laboriosa realización das nosas comunas, e que non deixamos de lamentar, que así sexa. Que hai honrosas excepcións? A excepción non fai a regla.

CONFERENZA ENCOL DE PINTURA GALEGA

O miércoles, 29 de xullo, ás 22 horas, na súa principal da galería Velázquez, deu unha mañica conferencia encol de pintura galega o doutor García Sabell, conferencia que polo seus conceitos ali espostos, mereceu os xulzos más calurosos.

Comezou o doutor García Sabell

por facer unha referencia científica encol do olio humano como rexistro apropiado da percepción da forma e do corido, respondendo seguidamente con claridade e precisión, conceitos científicos e filosóficos sobre do arte pictórico, pasando axiña a establecer a diferenza que vai da pintura realista, académica, a moderna pintura d'hoje, tirando a conclusión de que o pintor moderno vive o drama do seu arte en loita consigo mesmo. Porque a angustia do artista nasce no internte de relación, de fusión do seu eu, na obra a realizar. I é por el que, si Galiza non deu no pasado unha pintura, foi precisamente porque non achou no realismo a súa expresión intimista, manifestada hoxe por un fato de mañicos pintores que interpretando doadamente a complexa alma de Galiza son os iniciadores dunha tradición pictórica galega apront dun esprendedor porvir.

Finda o conferenzante a súa cautivante exposición, facendo unha merescida loubanza a Luis Seoane, notável pintor galego residente en Bós Aires que, apesar de longos anos d'ausencia da patria, o seu espírito e o seu mañico arte, viven en constante comunión coa Terra, sendo un dos máis fideles e enxertos representantes. O numeroso público que enchiá a súa "Velázquez" prodigou un aveloadado aplauso ao menzudo artista e disertante polo maníca conferenza ofrecioa.

CONFERENZA DOS DOUTORES GARCIA SABELL, BALTAZAR E ALVAREZ ALVAREZ

Cumprindo unha data máis das Xornadas Galegas, o xoves 30 de xullo, no Centro Galego tivo lugar un fermoso aito no que escotámos aos doutores Baltar, Alvarez Álvarez e García Sabell, que este ano prestixaron coa súa presencia os atos celebratorios do Día de Galiza, como delegación galega da Terra.

O doutor Alvarez Álvarez referiu-se á reacción psicolóxica do galego frente ao reumatismo, e despois de facer unha breve e crara síntesis das características esenciais dos distintos tipos de enfermedades e da súa grande gravitación económico-social, entra na definición dos distintos tipos de enfermos galegos no seu reaxer contra o mal.

O arráxito enfrenta a súa enfermeira con serenidade e calma, sin esterilizaciones aparatosas, comeza unha vida tranquila, fáise conversador i é algo así como o cronista da aldea; o seu conformismo ten esta expresión gráfica: "sonche alíases de vello".

O gozoso é home fornido é falante, gran comedor de raxo e pulpo, gran bebedor e mulleroiro. Nos seus ataques de gota xura e promete corrixeirse, pero no fondo está esperando sair do ataque para voltar ás súas andadas. Non cabe n-ele o arrepentimento, pode más o gosto da vida.

As reaixóns dos infecto-contaxiosos son más difíceis de analizar; son mozos ou están na idade media da vida, son escépticos e dudan de todo. A intuición característica do noso povo levaos á conclusión de que a meicía pouco pode facer con eles e con frecuencia caen en maledicentes, pero cando chegan ás mans dun médico que os encarrilla, son os meirandes propagandista dos seus méritos.

O doutor Baltar disertou en col do espírito no enfermo quirúrxico, manifestando que a meicía debe procurar unha maior atención ás manifestacións psíquicas do enfermo, como forza imprecisa más firme e rexia que pode ser un factor de influencia extraordinaria no proceso de curación ou no desenlace fatal.

Despois dunha longa serie de razonamentos e feitos expostos en apoio da súa tesis o doutor Baltar comenta unha esperanza personal nun hospital de guerra o onde forá destinado, no que atopou uns canotes rapaces galegos que no crímano aragonés, en mans de médicos i-

fermeiras alleas á súa mentalidade e ao seu xeito de ser, non acababan de sandar e mostrábanse abraíados e inapetentes, con grande preocupación dos médicos que o atendían; a poucos días de chegado o corpo da médica galega a este hospital, os síntomas dos enfermos desapareceron dun xeito sorprendente para todos os que seguiran o seu proceso de curación: comían, estaban contentos e sandaban. Todo elo era a consecuencia natural de verse en mans de médicos galegos, que lleaban en galego e de cousas coñecidas e sentidas por eles e compará este feito coa función que compre ao Centro Galego entre a colectividade, pois os galegos non van soio a curarse, senón a atoparse entre irmanos, sin esa friaxe da unha clínica ou hospital entre xentes estranhas.

O doutor García Sabell disertou en col do home galego como enfermo, definindo as diferencias esenciais do galego frente á enfermedade. Así como hai enfermos que se limitan a facer unha descripción fría e concreta dos síntomas que sinten, o enfermo galego engade sempre a súa interpretación de tales síntomas, até o punto que a veces é difícil distinguir no seu relato canto é producto da enfermedade e canto da resoancia que ela produxo no seu espírito. Xeralmente un galego non di "sinto esto au aqueío" senón "é como si...".

Establece os dous componentes principais na reacción do enfermo diante a súa enfermedade: a angustia vital e a dor. Nun enfermo galego a angustia non leva ao anfio senón á aceptación, pois non en balde somos un povo que temos exercitado como facultade máisíma a aceptación, e se realmente hai un enfermo que entregue a alma, é o galego; os outros parecen defendela como se lla roubasen. Con respeito ao médico con una mestura de confianza e temor; confianza polo natural alegria de ver ao que lle pode quitar a dor, mais ao mesmo tempo pensa que "xuntos andades, algo tendes de ver".

En canto á altitude diante da morte, segundo o doutor García Sabell, o galego non cae no medo nin na aceptación resiñada; refúgase nunha altitude irónica, tan sustancial co xeito de ser do noso povo; cando Colás, labrego de bío vivir está isornas da morte e escotta o pranto da súa dona que comeza a referir as boas cousas feitas polo seu home en vida, ele non pode reprimir unha refreixa que di ben da súa raza "Colás, Colás, que chasco te levás!"

CONFERENZA DO DOUTOR GARCIA SABELL NO CENTRO GALEGO

O xoves 9 d'agosto o doutor García Sabell, tivo o seu derradeiro contacto co público galego denantes de partir pra Terra, pronunciando unha emotiva conferenza que versou encol do tema da saudade e a ironía do galego, describindo estas facetas da alma do noso povo, con soltura e brillanteza o que puxo de manifesto unha vez máis diante da Galiza emigrada que o escoltou con fondo respeito e admiración nos diversos atos en que interveu co gallo das "Xornadas Galegas", o fondo coñecimentos que o doutor García Sabell ten da alma do noso povo.

Ao promediar a súa disertación, fixo un emotivo chamado aos galegos emigrados pra que non esquezan o noso saudoso idioma, que o falen decote, que non-refuguen, que por ser a nosa lingua, temos a obriga moral e o natural orgullo como galegos, de falalo, pois renunciar a ele é como renunciar de nós mesmos, refugar a memoria dos nosos pais e da nosa Terra. Unha crámera ovación saudou as derradeiras verbas do doutor García Sabell, Ilustre embaixador de Galiza que coa súa simpatía e fondos coñecimentos da alma galega, scopo tecer doadamente ante nós, un saudoso roncel d'afectos.